

Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)

Curso 2022-2023

Aprobado en Comisión de Calidade: 20/11/2023

Aprobado en Xunta de Escola: 04/12/2023

Vigo, a 4 de decembro de 2023

Guillermo García Lomba
Coordinador CGIC

Contido

1	Presentación	3
2	Equipo de coordinación e titorización.....	3
3	Estudantado de novo ingreso.....	4
3.1	Acto de acollida	4
3.2	Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso.....	4
4	Actividades do PAT dos graos	5
4.1	Reunións da coordinación da titulación co estudantado.....	5
4.2	Enquisas de 1º e 2º dos graos	5
4.3	Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do Grao en Enxeñaría da Enerxía.....	6
4.4	Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	9
4.5	Actividades informativas para os alumnos de 3º e 4º curso.....	10
5	Actividades do PAT do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM).....	10
6	Programa de mentorización na escola: MEET-Eme	13
7	Actividades de formativas	14
8	Informe PIUNE.....	15
9	Programa de seguimento das persoas egresadas da EME.....	15
10	Conclusións.....	15

1 Presentación

O informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo PAT-ANEAE do curso 2022-2023, recolle as principais actuacións destinadas a favorecer a integración do estudantado na vida universitaria e atender a súas necesidades formativas e informativas, tanto de carácter académico como profesional.

O ámbito de aplicación de estas actuacións no curso obxecto de avaliación foron as titulacións da Escola de Minas e Enerxía (EME) impartidas neste curso:

- Grao da Enxeñaría da Enerxía (en adiante grao EE)
- Grao dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en adiante grado ERME)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (en adiante MUEM)

2 Equipo de coordinación e titorización

No curso 2020-2023 as persoas designadas como titoras do PAT e do programa de mentorización (MEET) foron as que figuran na táboa 1:

Táboa 1. Relación de persoas titoras do PAT

Función	Nome e apelidos	Contacto
Titora PAT de 1º graos	Elena González Rodríguez	elena@uvigo.es
Titor PAT de 2º graos, 3º EE	Pablo Eguía Oller	peguia@uvigo.es
Titor 3º, 4º GERME	Fernando M. Bastante	bastante@uvigo.es
Titor 4º GEE	Marcos Conde Fontenla	mfontenla@uvigo.es
Titor 1º MUEM	Guillermo García Lomba	glomba@uvigo.es
Titor 2º MUEM	Marta M. Cabeza Simón	mcabeza@uvigo.es
Coordinadora do PAT-ANEAE e do MEET	Ángeles Domínguez Santiago	eme.meet@uvigo.es admiguez@uvigo.es eme.piune@uvigo.es
Estudiantado titor do MEET	Carmen Alonso Pérez Diego Costas Moyano Alejandro Otero Álvarez Belén Parente Artime	

O 23 de Xuño do 2023 realizouse unha reunión de coordinación do PAT para analizar os resultados da utilización dos espazos de orientación e información ao estudantado (INFO) para as enquisas do estudantado e a asistencia do estudantado de cada curso as reunións do PAT cos titores.

3 Estudantado de novo ingreso

3.1 Acto de acollida

Como cada ano, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu ao novo estudantado dos graos de EE e ERME (8 de setembro do 2022). Neste Acto de Benvida informouse ao estudantado de novo ingreso dos dous graos dos aspectos máis importantes da vida académica do centro: calendarios, horarios, prácticas, secretaría virtual, MOOVI, etc., así coma as actividades das diferentes asociacións estudantís e da UVIGO: Delegación de estudantado, Foro Tecnolóxico, Área de Deportes, programa de mentorización (MEET) etc. Esta información foi posta a disposición do estudantado no espazo INFO1 de MOOVI: Información e Orientación Primeiro Curso GEE/GERME.

3.2 Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso

O estudantado de novo ingreso fixo una enquisa co obxectivo de coñecer os motivos para elixir os graos de EE e ERME así como os medios polos que coñeceron a Escola e as titulacións. No curso 2022-2023 contestaron a enquisa un total de 29 persoas, 25 do grao EE e 4 do grao ERME, aínda que o número de estudantado de novo ingreso foi de 47 e 11 respectivamente. Polo tanto a participación na enquisa foi do 53% para o Grao EE e do 36% para o grao ERME.

A *motivación para elixir a titulación* era un pregunta aberta polo que as respostas son diversas e nalgúns casos deixárono en branco (5). A motivación máis repetida ten que ver coas perspectivas laborais e de futuro (9 respostas) seguida do interese polas enerxías renovables e o medio ambiente (4 respostas) e polo plan de estudos (4 respostas).

Na pregunta para *sinalar o medio do coñecemento da titulación* a maioría sinalaron máis de unha opción, sendo o coñecemento a través da familia e amigos o que tivo un maior número de respostas:

- Familiares ou amigos: 11 respostas.
- Páxina web da escola: 8 respostas.
- Prensa/radio/TV: 2 respostas.
- Redes sociais: 1 respostas.
- Orientador/a/Titor/a/Profesorado do colexio/instituto: 5 respostas.
- Charlas da universidade no colexio/instituto: 7 respostas.
- Feiras de orientación universitaria: 2 resposta.
- Asistencia a algunha actividade/visita na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía: 2 respostas.
- Trípticos informativos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía: 1 resposta.

Con respecto as opcións de matrícula na Universidade, en moitos casos as outras opcións eran outras enxeñarías, principalmente *Enxeñaría mecánica* (5 respostas) e *Enxeñaría química* (2 respostas) e *Organización industrial* (2 respostas) ou ERME para o estudantado matriculado no grao de EE e viceversa. O resto das opcións (*Física, Química, Arquitectura, Dereito*, etc.) son minoritarias.

4 Actividades do PAT dos graos

4.1 Reunións da coordinación da titulación co estudantado.

Ao longo do curso realizáronse reunións de seguimento con cada unha das titulacións para recoller información sobre o desenvolvemento das distintas materias e detectar posibles problemas no desenvolvemento do plan novo, cunha reunión adicional cos terceiros cursos, porque foi o primeiro ano que se implantou o novo plan.

- 23 de novembro de 2022: Reunión das persoas coordinadoras dos graos, María Araujo e Francisco Deive co estudantado de primeiro.
- 24 de novembro de 2022: Reunión as persoas coordinadoras dos graos, María Araujo e Francisco Deive, e do titor Pablo Eguía co estudantado de segundo.
- 28 de novembro. Reunión as persoas coordinadoras dos graos, María Araujo e Francisco Deive, e do titor Pablo Eguía co estudantado de terceiro.

4.2 Enquisas de 1º e 2º dos graos

4.2.1 1º curso dos graos

1) Enquisas do 1º cuadrimestre

- O estudantado de primeiro curso respondeu a enquisa online unha vez rematado o primeiro cuadrimestre. O feito de deixar uns días para contestar cando xa comezaron o segundo cuadrimestre pode explicar, en parte o mínimo número de respostas (6) con respecto o número de estudantado matriculado.
- Tendo en conta que son moi poucos datos, sinalar que a materia máis doada e *Exposición gráfica* e para as outras materias a dificultade varía entre 2,2 e 2,7 (Cálculo I) nunha escala de 1 (dificultade baixa) a 3 (dificultade alta).
- A materia a que lle dedican máis horas de estudo semanais e *Física I* (9,5h) mentres que a materia a que lle dedican menos horas e *Exposición Gráfica* (5h)
- O 67 % do estudantado afirma estudar todos os días
- Non respostas nos espazos de resposta libre (dificultades o incidencias e actividades o prácticas onde o estudantado pode indicar dificultades ou incidencias e facer comentarios sobre actividades ou prácticas.

2) Enquisas do 2º cuadrimestre

- O número de respostas na enquisa do segundo cuadrimestre foi aínda menor (3).
- O estudantado indica tres materias co máximo de dificultade (3): *Dirección e Xestión*, *Cálculo II* e *Informática para a Enxeñaría*. A materia máis doada e *Física II*
- A materia a que lle dedican máis horas de estudo semanais e a *Dirección e Xestión* (15h) mentres que a materia a que lle dedican menos horas e *Estatística* (4,3h)
- O 33 % do estudantado afirma estudar todos os días.
- Dificultades e incidencias: As dúas incidencias recollidas fan referencia o modo de impartición e avaliación da materia de *Dirección e Xestión*.

- Actividades e prácticas. Hai unha resposta destacando o bo facer do profesorado de *Física I* e *Física II* e de *Cálculo II* e os numerosos recursos dispoñibles na aula virtual de *Física I* e *Física II*.

4.2.2 2º cursos dos graos

1) Enquisas do 1º cuadrimestre

- A enquisa do primeiro cuadrimestre fíxose presencial e coa enquisa en papel. O número de respostas varía segundo a materia de 18 a 26. A dificultade de todas as materias é bastante similar:
- Materia con menor grado de dificultade: *Mecánica de fluídos* (2,3)
- Materia con maior grado de dificultade: *Circuitos e máquinas eléctricas* (2,7)
- O 23% do estudantado indica que estuda todos os días.
- O estudantado indica dificultades para seguir as materias de *Circuitos*, *Resistencia de Materiais* e *Tecnoloxía de Materiais*
- O estudantado solicita máis clases de problemas do nivel dos esixidos nos exames

2) Enquisas do 2º cuadrimestre

No segundo cuadrimestre o número de respostas é moito menor (9) e obsérvase que a dificultade media das materias diminúe.

- A materia a que lle dedican máis horas de estudo é *Tecnoloxía electrónica* e á que lle dedican menos horas é *Seguridade e saúde*.
- Materia con menor grado de dificultade: *Seguridade e saúde* (1)
- Materia con maior grado de dificultade: *Tecnoloxía Ambiental* (2,4)
- O 55 % do estudantado indica que estuda todos os días.
- Non hai comentarios nos espazos de resposta libre

4.3 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do Grao en Enxeñaría da Enerxía

4.3.1 3º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía

No 3º curso o titor realizou unha sesión curta de presentación do PAT-ANEAE e fixéronse as enquisas de dificultade das materias (Anexo IV-A do PAT-ANEAE) no primeiro e segundo cuadrimestre.

1) Enquisas do 1º cuadrimestre

- O estudantado dedicoulle máis horas semanais de estudo as materias *Operacións básicas e procesos de refino, petroquímica e carboquímica* mentres que a materia a que lle dedicaron menos horas foi *Instalacións eléctricas* (12 e 5 h de media respectivamente)
- Materia con menor grado de dificultade: *Instalacións eléctricas* (2,2)
- Materias con maior grado de dificultade: *Enxeñaría de sistemas e control* (2,7)
- O 58% do estudantado indica que estuda todos os días.

- Parte do estudiantado (3) indica que lles gustaría facer máis exames parciais que liberen materia.
- Tamén suxiren mellorar os apuntes de *Enxeñaría de sistemas e control*

2) Enquisas do 2º cuadrimestre

- No segundo cuadrimestre o número de respostas foi menor (15) e a dificultade media das materias tamén diminúe.
- A materia a que lle dedican mais horas de estudo é *Xeración eléctrica convencional e renovable* e á que lle dedican menos horas é *Sistemas eléctricos de potencia*
- Materia con menor grado de dificultade: *Recursos, instalacións e centrais hidráulicas e Tecnoloxía de combustibles alternativos* (1,9)
- Materia con maior grado de dificultade: *Sistemas eléctricos de potencia* (2,6)
- O 60 % do estudiantado indica que estuda todos os días.
- Non hai comentarios nos espazos de resposta libre

4.3.2 4º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía

O titor mantivo unha reunión co estudiantado ao principio de curso para lembrarlle os aspectos máis importantes do PAT, funcións e obxectivos. O 30 de xaneiro e 6 de febreiro, o titor pasou por diversas clases para lembrarlles novamente a existencia do programa, preguntarlles se tiveron algunha incidencia que quixesen destacar durante o primeiro cuadrimestre, presentarlles a enquisa e os obxectivos. e ánimoos a cubri-lo.

1) Enquisas do 1º cuadrimestre

- A materia a que o estudiantado dedicoulle mais horas semanais de estudo foi *Enxeñaría de sistemas e control* (10h).
- Materia con menor grado de dificultade: *Xestión da enerxía eléctrica* (1,2)
- Materia con maior grado de dificultade: *Enxeñaría de sistemas e control* (3)
- O 44% do estudiantado indica que estuda todos os días.
- No espazo de resposta libre o estudiantado sinala favorablemente as prácticas de varias materias, como *Xestión da enerxía térmica*, *Enerxías alternativas fluidodinámicas* e *Tecnoloxía de combustibles alternativos* así como a visita a empresa Clausius na materia de *Tecnoloxía frigorífica e climatización*.
- Como suxestións unha das respostas é unha queixa da materia *Xestión da enerxía eléctrica* e a outra fai referencia á falta de información sobre os requisitos de compensación das materias.
- O principio do segundo cuadrimestre fíxose unha reunión do titor co estudiantado para recordarlle as funcións do PAT e a existencia do espazo INFO4 onde poder consultar toda a información relativa ao PAT. Aínda que se lles lembrou varias veces, só 8 estudantes contestaron a enquisa.

2) Enquisas do 2º cuadrimestre

- A materia a que o estudiantado dedicoulle mais horas semanais de estudo foi *Obras, replantexos e procesos de construción* (9,5)
- Materia con menor grado de dificultade: *Organización de empresas e sistemas de produción* (1,5)

- Materia con maior grado de dificultade: *Obras, replantexos e procesos de construción* (3)
- O 63% do estudiantado indica que estuda todos os días.
- No espazo de resposta libre valoran favorablemente a materia *Proxectos* polo seu carácter práctico.
- Nas suxestións hai unha petición de máis información sobre o TFG.

4.4 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Realizouse unha sesión de presentación do PAT-ANEAE e do titor no 3º e 4º cursos do grao. Tamén se enviou información sobre algunhas conferencias que se celebraron na Escola.

O final do primeiro cuadrimestre convocouse una sesión de PAT do final do cuadrimestre para a realización das enquisas e da posibilidade de cubrir a enquisa en MOOVI.

No segundo cuadrimestre convocáronse dúas reunións do titor co estudantado. A reunión do 3º curso asistiron dous alumnos e a de 4º non asistiu ningún alumno.

Realizouse a enquisa de dificultade das materias (Anexo IV-A).

4.4.1 3º curso do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

1) Enquisas do 1º cuadrimestre

- As materias as que o estudantado dedicoulle mais horas de estudo foron *Voaduras e Procesos de recuperación de menas*, cunha media de horas semanais de 7,8 e 7 respectivamente.
- Materia con menor grado de dificultade *Explotación sostible de recursos mineiros I* (1)
- Materia con maior grado de dificultade *Mecánica de Rochas* (2,8)
- O 75% do estudantado indica que estuda todos os días.
- Con respecto as dificultades sinalan a necesidade de recuperar horas na última semana xuntándose cos exames e en *Voaduras* a falta de horas para impartir todo o contido.

2) Enquisas do 2º cuadrimestre

No informe xerado por MOOVI, só consta a resposta de un alumno polo que non e representativo.

4.4.2 4º curso do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

1) Enquisas do 1º cuadrimestre

- A materia ao que estudantado dedicoulle máis horas de estudo semanais foi *Explotación sostible de recursos mineiros II* (6,7)
- Materias con menor grado de dificultade: *Construción e movemento de terras* e o *Traballo fin de grao* (2).
- Materia con maior grado de dificultade: *Obras subterráneas* (3)
- O 67% do estudantado indica que estuda todos os días.

1) Enquisas do 2º cuadrimestre

No informe xerado por MOOVI, só consta a resposta de un alumno polo que non e representativo.

4.5 Actividades informativas para os alumnos de 3º e 4º curso

Realizáronse diversas actividades informativas orientadas ao estudiantado de 3º e 4º curso (Táboa 2).

Táboa 2. Actividades informativas

Actividade	Persoas destinatarias	Data	Participantes na actividade
Sesión informativa	Estudiantado de continuación de estudos	21 de setembro de 2022	Directora da Escol
Sesión informativa sobre o TFG e viaxe fin de curso	Estudiantado de 4º dos graos	15 de febreiro de 2023	Directora da Escola e persoas coordinadoras dos graos
Sesión informativa sobre a implantación do 4º curso	Estudiantado 3º	19 xullo 2023	Directora da Escola de profesorado de materias optativas
Sesión informativa <i>E agora que?</i> de orientación académica e profesional	Estudiantado 3º e 4º dos graos	19 xullo 2022	Directora da Escola

5 Actividades do PAT do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM)

Realizouse o acto de acollida do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas o 21 de Setembro de 2023 e foi realizado pola Coordinadora da titulación.

5.1 1º Curso do MUEM

O coordinador de primeiro curso habilitou un espazo virtual que se emprega como canle de comunicación co estudiantado, onde se informa de cambios puntuais en horarios/espazos docentes, oferta de becas, celebración de conferencias, cursos, seminarios ou outras actividades extracurriculares e de orientación académica e profesional de interese para o estudiantado.

Utilizando este espazo, leváronse a cabo dúas enquisas ao estudiantado de 1º curso do MUEM, nas que responderon 6 estudantes á do primeiro cuadrimestre e 3 á do segundo (sendo 9 o estudiantado de nova matrícula). Tamén se levou a cabo unha enquisa final de satisfacción á que responderon 3 estudantes.

1) Enquisas do 1º cuadrimestre

- De acordo coas respostas, o 33% do estudiantado matriculado do curso completo declara estudar todos os días (22% do total).
- Materia máis doada: *Recursos renovables e non renovables. Xeomática avanzada (1.0)*

- Materia máis difícil: *Obtención e transformación de materiais metálicos* (dificultade 3 con 5 respostas) e *Fundamentos de xeración eléctrica* (dificultade 3 con 2 respostas).
- Horas de estudo semanais por materia: a media é de 3.8 horas, destacando as materias *Obtención e transformación de materiais metálicos* (5 respostas, unha media de 7.6 horas semanais e unha resposta de 10 horas e outra de 15 horas, que é o máximo dispoñible) e *Enerxía térmica convencional e renovable* (2 respostas e unha media de 7 horas semanais).
- Dificultades/incidencias: *Obtención e transformación de materiais metálicos*: 3 estudantes sinalan que o programa docente, a cantidade de materia e/ou a profundidade da mesma son excesivas fronte ao número de horas lectivas.
- Un estudante provinte do *Grao de Enxeñaría da Enerxía* sinala as dificultades coa carga de materias para este colectivo de acceso, aínda que entende que é necesario.
- Saídas de campo: 2 estudantes as valoran en xeral como moi positivas e necesarias. Un estudante resalta a saída de campo da materia *Enxeñaría de taludes* na que se analizou a xeoloxía de Monte Ferro e outro a visita á refinería de Repsol realizada na materia *Procesos de carboquímica e petroquímica*. Un estudante destaca a asistencia a laboratorios para realizar biodiésel.
- Traballos das materias *Eficiencia térmica e coxeneración, Modelización e avaliación de recursos mineiros e Recursos renovables e non renovables. Xeomática avanzada*: un estudante salienta que a realización destes traballos, nos que se usan distintos programas, axudan a ampliar o coñecemento de distintos tipos de ferramentas que poden ser de utilidade no futuro. *Enxeñaría de taludes*: un estudante destaca a utilización dos programas de *Rocscience* para resolver exercicios e os casos prácticos de problemas reais expostos polo profesor da materia. *Procesos de carboquímica e petroquímica*: un estudante salienta o desenvolvemento da materia, cunha progresión paulatina da dificultade, chegando ao final do cuadrimestre coa sensación de ter aprendido moito.
- Suxestións: Un estudante propón facer unha reunión grupal e presencial co titor á metade do primeiro cuadrimestre para falar dos eventuais problemas que poidan ter xurdido, de xeito que dea tempo de atopar solucións.

2) Enquisa do 2º cuadrimestre

- De acordo coas respostas, o estudantado declara que non estuda todos os días.
- Materia máis doada: *Matemáticas Avanzadas* (1).
- Materia máis difícil: *Enxeñaría de minerais e materiais* (2,7).
- Horas de estudo semanais por materia: a media é de 3,6 horas, destacando as materias *Enxeñaría de minerais e materiais* (3 respostas, unha media de 6.3 horas semanais e unha resposta máxima de 9 horas).
- En relación a problemas no desenvolvemento das materias, recóllense algúns problemas puntuais e circunstanciais nas materias: *Enxeñaría de minerais e materiais*; *Enxeñaría da auga*, *Enxeñaría mineira* e *Enxeñaría de explosivos*.
- *Matemáticas avanzadas*: un estudante indica que nesta materia se fai unha avaliación continua de verdade, progresiva, con seguimento e con apoio do profesorado, facilitando o rendemento nunha materia que, nun principio parece extremadamente difícil. Valora moi positivamente ao profesorado: responden as dúbidas sen problemas e de forma clara, as clases son útiles e amenas e axudan nas

- probos de ordenador, incluso nas puntuables. Sinala que o tempo para as probas puntuables de ordenador é moi xusto.
- Actividades / prácticas: un estudante salienta as saídas á EDAR e a Aluminios Cortizo e a charla de explosivos da Garda Civil. Un estudante sinala que o uso de programas informáticos de forma guiada nas materias *Matemáticas avanzadas* e *Enxeñaría da Auga* (na parte de problemas) facilita o uso das ferramentas informáticas.
 - Suxestións: un estudante suxire o aumento de informes técnicos propondo exemplos prácticos reais xa que durante o grao fanse traballos de xeito máis académico e non cunha una estrutura e tipoloxía de informe técnico. Engade que sempre deberían devolverse corrixidos para poder ver os erros e aprender a melloralos.
 - Un estudante sinala que tanto en *Enxeñaría mineira* como en *Enxeñaría de explosivos* repítese temario visto no grao.

3) Enquisa final de satisfacción

- De acordo coas respostas, o estudantado amósase satisfeito co desenvolvemento do PAT (documentación, información, organización e coordinación de actividades, planificación...).
- En canto á súa percepción da utilidade do PAT as tres respostas achegadas son diferentes (pouca, bastante, moita).

5.2 2º Curso do MUEM

No segundo curso fíxose unha reunión o 2 de novembro para comentar o PAT, detectar incidencias, coñecer que actividades foron máis interesantes recoller suxestións de temas ou información complementarios.

1) Enquisa do 1º cuadrimestre

- A materia a que lle dedican máis horas de estudo á semana é *Túneles e infraestruturas subterráneas* (5h).
- Materia con menor grado de dificultade: *Simulación aplicada a xeotecnia* (1)
- Materia con maior grado de dificultade: *Simulación aplicada a mecánica de fluídos* (2,5)
- O 25% do estudantado indica que estuda todos os días.
- Non hai aportacións no espazo de resposta libre.

Ademais da enquisa realizada en MOOVI, a titora tivo unha reunión a que asistiron tres alumnos e na que se comentaron as dificultades, actividades destacables e suxerencias:

- Dificultades. Consideran que algunha materia como *Xestión de recursos enerxéticos* e *Automática* son unha repetición do que xa viron no grao de Enxeñaría da Enerxía que non inclúe nada novo. En xeral opinan que hai demasiadas materias bastante complexas para as poucas horas que se lle poden dedicar a cada unha aínda que os exames son bastantes doados. Tamén sinalan o problema de instalar os programas nos seus ordenadores e que algúns profesores non se axustan a guía docente.
- Suxiren máis traballos colaborativos e charlas do ámbito enerxético.

2) Enquisa do 1º cuadrimestre

No segundo cuadrimestre non se fixo enquisa xa que o estudiantado está a facer as prácticas externas e o TFM.

6 Programa de mentorización na escola: MEET-Eme

A Escola de Minas e Enerxía participa, xunto con outras seis facultades/escolas da Universidade de Vigo, no programa de mentorización MEET dirixido ao estudiantado de nova incorporación. Neste programa, o estudiantado dos cursos superiores actúa como mentores/as do estudiantado de primeiro curso (*mentees*) co fin de facilitar a súa incorporación á vida universitaria mediante o desenvolvemento de habilidades comunicativas, o traballo en equipo, a xestión do tempo e a resolución de problemas (*soft skills*).

A información sobre o MEET-Eme pódese consultar na páxina web da Escola de Minas e Enerxía <http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/estudiantes/orientacion-ao-estudiantado/meet-eme/>

O estudiantado mentor recibe formación previa ao longo de 10 sesións durante os meses de xuño e setembro. Neste curso foron catro as persoas que participaron no programa como mentores, todos eles xa participaron o curso anterior (Táboa 1).

6.1 Reunións mentor-mentees

Co fin de facilitar as reunións dos mentores cos seus *mentees*, estas prográmanse para os mércores de 13 a 14h reservados no calendario da escola. Neste curso, as oito reunións mentores-*mentees* programáronse para as datas que se indican na táboa 3.

Táboa 3.

Data	Tema
21 de setembro	Presentación
5 de outubro	Técnicas de estudo e xestión do tempo
2 de novembro	Técnicas de estudo e xestión do tempo
14 de decembro	Autocoñecemento e xestión emocional
1 de febreiro	Motivación e autoestima
1 de marzo	Comunicación
5 de abril	Traballo en equipo e liderado
3 de maio	Peche

6.2 Reunións de coordinadora MEET-EME – mentores

Ao principio de curso e o final de cada trimestre realizáronse reunións da coordinadora do MEET cos mentores para analizar o desenvolvemento do programa de mentorización ao longo do curso.

Cabe indicar que ao remate do curso 2022-2023 reuníronse as persoas formadoras de mentores/as das diferentes escolas e facultades da Universidade de Vigo e, unha vez

analizados os problemas detectados, como a falta de interese do estudiantado do 1º curso na mentorización e do estudiantado de outros cursos por ser mentores/as, o pouco apoio do equipo de goberno da UVIGO e a falta de actualización das persoas formadoras, decidiuse finalizar, polo menos temporalmente, o programa de MEET.

7 Actividades de formativas

7.1 Realización de conferencias

Durante o curso realizáronse unha serie de accións formativas, abertas a todo o estudiantado da EME.

Táboa 4 Conferencias

Accións formativas. Conferencias		
"Execución de proxectos hidráulicos a nivel nacional e internacional"	11 de outubro de 2022	Diego Vaquero
"Minaría subterránea na República checa: exemplos e curiosidades"	9 de decembro de 2022	Prof. Marian Marschalko, Techniká Univerzita Ostrava, República Checa. ERASMUS PDI
"Os retos da transición enerxética cara un mundo descarbonizado: perspectiva socioeconómica"	12 de abril de 2023	Prof. Miguel Rodríguez Méndez
"Desafíos da Industria Siderúrxica do Século XXI: Aceiro Verde"	19 de abril de 2023	Prof. Marta Cabezas Simó
"Voluntariado internacional e traballos fin de máster/grao en cooperación para o desenvolvemento coa ONG Enxeñaría Sen Fronteiras"	11 de maio de	Sergio Fernández Alonso e Xoel González Viéitez
"Uso de explosivos - ámbito Guardia Civil"	16 de maio de 2023	Persoal da Guardia Civil da Intervención de Armas de Pontevedra

7.2 II Xornada "A Muller na profesión de enxeñaría de minas, materiais e enerxía"

O 4 de novembro de 2022 tivo lugar a II Xornada organizada pola Escola sobre o papel e situación das mulleres na profesión da enxeñaría de minas, materiais e enerxía. As actividades desta sesión foron:

- Conferencia inaugural. "A profesión e a traxectoria persoal". Silvana Silvoso Abal. Enxeñeira de Minas (Uvigo). INDECAM Ingeniería.

- "Experiencias na implantación de Plans de Igualdade no ámbito da profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais". Juan José López Muñoz. Enxeñeiro de Minas (UPM). Strategic Minerals Europe Corp. e Presidente da COMG
- Posteriormente impartiron conferencias sobre a súa experiencia:
 - Raquel Mosquera Pérez. Enxeñeira de Minas, especialidade Materiais (Uvigo). Precisgal.
 - Ángela Rodríguez Pena. Graduada en Enxeñaría da Enerxía (Uvigo). Técnica de proxectos de hidróxeno verde. AtlanHY (Vigo).
 - Estefanía López Quiroga. Enxeñeira de Minas e Doutora (Uvigo). Lecturer in Model-Driven Formulation Engineering. University of Birmingham.

8 Informe PIUNE

Na escola, no curso 2022-2023, houbo dúas persoas acollidas ao programa PIUNE. O principio de cada cuadrimestre enviouse un *mail* as persoas coordinadoras das materias nas que estaba matriculado o estudiantado PIUNE cas indicacións remitidas pola UNATEN. O final de cada cuadrimestre a coordinadora do PAT-ANEAE enviou os correspondentes informes o Área de atención a diversidade. Non houbo incidencias ao longo do curso.

9 Programa de seguimento das persoas egresadas da EME

En maio de 2022 púxose en marcha o programa de seguimento de persoas egresadas da EME. O profesor Eduardo Liz Marzán, nomeado Responsable do Seguimento das Persoas Egresadas lanzou neste curso a publicación da revista "Materia Prima" (<https://minaseenerxia.uvigo.es/es/estudiantes/revistas/>) coa finalidade de facer visible a actividade profesional e laboral das persoas egresadas. No curso 22-23 publicáronse os catro primeiros números con entrevistas a persoas egresadas e diversa información de interese.

10 Conclusións

Como conclusións pódese indicar que:

- As actividades informativas e formativas realizadas ao longo do curso trataron temas de interese para o estudiantado.
- Neste curso a participación do estudiantado de primeiro no programa MEET foi maior ca do curso pasado aínda que diminuíu no segundo cuadrimestre.
- A participación nas enquisas foi moi baixa, polo que decidiuse fixar unhas datas para que o estudiantado de forma presencial, responda as enquisas en MOOVI.
- O interese do estudiantado polo PAT e a asistencia as reunións convocadas polos titores e baixa.

- Os espazos INFO de información e coordinación en MOOVI facilitan o acceso a información para o profesorado e o estudiantado.